



PLIS PLAS

FESTIVAL

12 e 13 de maio
Navia · VIGO



Un festival adicado ás crianzas
para gozar en familia

TEATRO MÚSICA CONTACONTOS XOGOS OBRADOIROS MERCADILLO

Sábado 12 de maio



ILLAS E CAMIÑOS/ Magin Blanco

Magin Blanco volve ao festival para presentarnos a súa nova aventura musical CAMIÑOS e a deleitarnos cos seus grandes éxitos nun concerto máis íntimo para cantaruxar en familia.

Sábado 12 ás 12:30h. · Escenario pequeno · Duración 50 min.

CUARTETO CARAMUXO

Un cargamento de vellas melodías esquecidas que revivirán actualizadas para seren gozadas, bailadas e sentidas utilizando as súas mellores armas: percusión xunto a clarinetes e acordeón.

Sábado 12 ás 13:30h. · Escenario grande · Duración 50 min.



NONO/ Nono

Un mundo onde os mosquitos loitan con espadas, os malabares serven para cocinar e os monos son os nosos mellores amigos. Un espectáculo tenro e desternillante, combinación de mimo, malabares, manipulación de marionetas e clown nun mundo sen palabras.

Sábado 12 ás 16:30h. · Escenario grande · Duración 55 min.

A MÚSICA DA AUGA/

Servando Barreiro e Anxo Moure

Presentación oficial do **NOVO LIBRO-CD A Música da auga**, onde se recupera a cultura tradicional do "espertar das augas". Contos da chuvia e das fontes que divulgan a riqueza dos ecosistemas fluviais e marítimos e propoñen hábitos para o seu coidado.

Sábado 12 ás 18:00h. · Escenario grande · Duración 50 min.



ASACOCIRCO SHOW/ ASacoCirco

O espectáculo combina humor, e destreza física a partes iguais, todo con moita técnica e ritmo, con poucas palabras e un xogo cómico onde o espectador sentirá moi implicado e onde sempre hai lugar para a sorpresa.

Sábado 12 ás 19:15h. · Escenario pequeno · Duración 45 min.

Domingo 13 de maio



BRINCA VAI! DE AQUÍ E ACOLÁ/ Paco Nogueiras

Espectáculo musical baseado no libro-cd-dvd BRINCA VAI! Acompañade o músico e actor Paco Nogueiras cos seus instrumentos e a súa querida "Máquina" nunha divertidísima viaxe chea de humor baile e concións.

Domingo 13 ás 12:30h. · Escenario grande · Duración 50 min.

ZONA EN OBRAS/ Brais das Hortas

ATENCIÓN, esta contada está en obras! Pero non vos preocupedes. Temos un andamio, tubos de antenista, unha guitarra eléctrica cun looper, unha batería cun capacho e un caldeiro, ferramentas... e a axuda inestimable do público.

Domingo 13 ás 13:30h. · Escenario pequeno · Duración 50 min.



BULE BULE/ Paco Nogueiras

Espectáculo baseado no libro-cd-dvd RADIO BULE BULE. Paco Nogueiras convidavos vivir a radio en directo nun divertidísimo programa cheo de humor, baile e cancións. Abre as orellas! Sintoniza Radio BULEBULE transmitindo para o mundo en linguaxe universal.

Domingo 13 ás 16:00h. · Escenario grande · Duración 50 min.

PEOR IMPOSIBLE/ Peter Punk

Peter Punk non contaba con que as cousas sempre poden ir a peor. Nesta ocasión veremos a un pallaso optimista, equilibrado e olímpico, que buscará a complicidade do público para superar as dificultades que atopará en cada rutina, como unha metáfora dos tempos que vivimos.

Domingo 13 ás 17:15h. · Escenario pequeno · Duración 50 min.



CONCERTO PUNKINFANTIL/

Peter Punk e Brais das Hortas

Peter Punk Pallaso e Brais das Hortas. Un cantante punk e un cantante infantil condenados a compartir escenario, acaban creando un delirio musical chamado Concerto PunkInfantil. Que hai máis punk ca unha nena ou neno? O punk é protestar! Se non podemos xogar, non é a nosa revolución!

Domingo 13 ás 19:00h. · Escenario grande · Duración 50 min.

Apoyan:



CONTACONTOS · OBRADOIROS ESPAZOS DE XOGO



KIDS&US, language school
Contacontos e obradoiros de
manualidades en inglés.

Sáb. 12h. e 18:30h - Dom. 16:30h.
STORYTIME FOR BABIES (-3 anos)
Sáb. 13h. e 14h. - Dom. 12h. e 19h.
MANUALIDADES KIDS&MASKS (+4 anos)
Sáb. 17:30h. - Dom. 13h. e 18h.
STORYTIME FOR KIDS (+4 anos)



espazos de xogo para todxs

MILRAMAS, espazo de xogo para todxs
Un espazo onde xogar libremente,
sen xuízos e sen metas, onde poder crear e
expresar con diferentes materiais naturais,
convencionais e non estruturados.
Aforo 12/15 participantes.

Sábado a partir das 16:30h. (-3 anos)
Domingo a partir das 12h. e das 16:30h.
(+3 anos)



SPORTEMP
Obradoiros en familia. A partir de 6 anos.
Aforo 15 nenos acompañados por un adulto.
Sábado de 12 a 14h. / pasas cada 40 min.
DECORACION DE GALLETAS
Sábado de 16 a 20h. / pasas cada 45 min.
OBRADOIRO DIVERCIENCIA
Domingo de 12 a 14h. / pasas cada 30 min.
OBRADOIRO ORIGAMI (Papiroflexia)
Domingo de 16 a 20h. / pasas cada 30 min.
TORNEO FAMILIAR DE DARDOS



MUNDO SONORO
Obradoiros musicais en familia.

Sábado 17:00 h.
MUSICPAINTING:
Jam Session e improshow/ +6 anos
Domingo 12h. (0 a 2 anos) e 18h. (3 a 5 anos)
MÚSICA EN FAMILIA:
disfrutando dunha experiencia musical
enriquecedora. Para nen@s acompañados
de un ou dous adultos.



SKATEBOARD SCHOOL
Clases de iniciación ao skate.
Desenvolveranse habilidades de equilibrio e
explicaráselles o funcionamento e medidas
de seguridade. Pases de 40 minutos.
Aforo 10/12 participantes.

Sábado de 12 a 14:30h. e 16 a 18:30h.
Domingo de 12 a 14:30h. e 16 a 18:30h.



LA MONA CHITA
Déixate sorprendere cun novo concepto
de arte: A ARTE PROGRESIVA.
Levando a cabo unha creación colectiva,
as familias poderán visitar, xogar e habitar
nos espazos que eles mesmos están a crear.

Domingo de 12 a 14h. e 16 a 20 h.



KIRIKO, ocio en la naturaleza
Aula da natureza, realización de pegadas
con escaiola. Decoración e plantación en
macetas. Aforo 15 participantes.

Sábado e Domingo 12h. e 17h.
DESCUBRINDO O NOSO BOSQUE/ +6 anos.
Sábado e Domingo 18:30 h.
FABRICANDO OXIGENO/ +3 anos.



ELEVEN SCHOOL
OBRADOIROS DE ARQUITECTURA
SUSTENTABLE E BIOCLIMÁTICA.
Que é construír? Os animais constrúen?
Animádesvos a construír un refuxio animal?
A partir de 3 anos.
Aforo 15/20 nenos en cada sesión.

Domingo 12h. 16:30h. e 18h.



LA FLAUTA MÁGICA
Obradoiros para os máis pequenos
de 0 a 3 anos.

Sábado ás 13h.
MASAXES PARA BEBÉS de 0 a 18 meses
Sábado e Domingo ás 17h.
MÚSICA PARA BEBÉS de 0 a 18 meses
Sábado e Domingo ás 18h.
MÚSICA PARA BEBÉS de 18 a 36 meses



ENSINAME, servicios de formación
Xogos, obradoiros e contacontos en inglés.

Dom. 12:30h. e 17h.
XOGANDO CON JOLLY PHONICS/ 3 a 5 anos
Dom. 13:30h. e 18h.
OBRADOIRO DE MÁSCARAS PIRATAS/ +3 anos
Dom. 14h. e 18:30h.
CONTACONTOS "A TALE OF 2 PIRATES"
Dom. 16h. / +6 anos
APRENDE A LEER CON SNAKE, BEE AND INKY

* Para participar nos obradoiros haberá que facer previamente unha
inscrición o mesmo día.

Organizan:

